

BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO “PLAN MADRUGA 2025”

1. OBXECTO:

A finalidade principal do "Plan Madruga" é favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, proporcionando un espazo de acollida temperá para os nenos e nenas antes do comezo das clases. Así mesmo, pretende mellorar a calidade de vida das familias e promover a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego. Entre as principais características do servizo destacan:

- Destinado ao alumnado de educación infantil e primaria matriculado no CEIP do concello.
- Prestación do servizo en horario previo ao comezo das clases, cunha duración adaptada ás necesidades detectadas.
- Actividades de carácter lúdico, educativo e de coidado, axustadas ás idades dos participantes.
- Atención por parte de profesionais con formación específica no ámbito educativo ou asistencial.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e nenos matriculados no CEIP Marquesa do Pazo de educación infantil e primaria.

Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de As Neves.

3. PRAZAS

Necesítase un mínimo de 8 crianzas para levar a cabo a actividade

O número máximo de participantes por xornada é de 15 nenos/as, que non se poderá superar.

No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adxudicarase por rigoroso orden de inscrición.

4. LUGAR DE REALIZACIÓN

Realizarase nas instalacións do CEIP Pazo da Mercé.



5. PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

5.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección de participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento na Sede Electrónica do Concello das Neves..

5.2.- INSCRICIÓN

As familias interesadas deberán presentar pola sede electrónica do Concello ou na oficina de rexistro dos servizos sociais, as instancias de solicitude segundo modelos do Anexo I e declaración responsable segundo Anexo II xunto coa seguinte documentación:

- DNI do pai/nai/titor/a
- DNI da/o menor ou libro de familia
- Tarxeta Sanitaria da/o menor
- De ser o caso, título de familia numerosa ou certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental.
- No caso de ser usuario fixo certificado de titularidade bancaria para a domiciliación do pago.
- No caso de ser usuario ocasional xustificante de ter realizado o abono do prezo público correspondente na conta do Concello das Neves **ES45 2080 5434 0731 1010 0021**.

No caso de que xurda algunha dúbida poderá requirirse documentación acreditativa da situación laboral declarada.

5.3.- PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA:

A partir do día seguinte da publicación destas bases ata o día 25 de xullo, ámbolos dous días incluídos.

De non cubrirense as prazas poderán presentarse novas solicitudes ata cubrir as prazas ofertadas ou en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxecto de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

O número de prazas estará limitado polo número de participantes por xornada establecidos no artigo 4 destas bases.



6. CRITERIOS DE SELECCIÓN. Darase prioridade no acceso a aquelas familias onde traballen os dous proxenitores ou titores, con menor renda, tendo como referencia o importe do IPREM para o ano 2023 (600€/mes).

Terase en conta, pola seguinte orde:

1. Familias monoparentais ,numerosas ou vítimas de violencia de xénero que todos os proxenitores ou titores estean traballando.
2. Familias cos dous proxenitores traballando.
3. Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
4. Nenos/as empadroados/as no Concello das Neves.
5. Familias con informe xustificativo dos Servizos Sociais de As Neves.

No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adxudicarase por rigoroso orden de inscrición.

6.1- RESULTADO DA SELECCIÓN. Antes do inicio do curso escolar 2025-2026 publicarase na Sede Electrónica do Concello a lista provisional de admitidos e excluídos establecendo un prazo para subsanar. Unha vez rematado o prazo se publicará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os nenos/as excluídos por non ter dispoñibilidade de praza, formarán unha lista de agarda .

Non obstante abrirase novamente o prazo de inscrición no caso de non terse cuberto a totalidade das prazas ofertadas ao longo do curso.

7. TEMPORALIZACIÓN: CALENDARIO E HORARIO

O Plan Madruga 2025-26 realizarase acorde ao calendario escolar nos meses de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos.

O horario de apertura será de luns a venres de **8.00 a hora de entrada na aula marcada polo centro**. Establecerase un control e rexistro de entrada e saída das e dos menores: unha monitora ou monitor será o encargado de recibilos e levalos ata o lugar designado polo centro escolar para o acceso as aulas.



8. PREZO PÚBLICO

Segundo a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE "PLAN MADRUGA" publicada no BOPPO num. 92 do 16 de maio de 2025, establecece un prezo público para participar

- Mes: 20,00 € (15,80 euros de principal e 4,20 de IVE)
- quendas de 15 días 10,00 € (7,90 euros de principal e 2,10 de IVE)
- Días Soltos: 5,00 € (3,95 euros de principal e 1,05 de IVE)

Establecerase un control horario de asistencia.

Aquelas familias que fagan uso do PLAN MADRUGA dentro do Programa AS NEVES CONCILIA como medida de intervención, con informe técnico debidamente cumprimentado e xustificado dos Servizos Sociais do Concello de As Neves, terán unha bonificación do 100%.

Así mesmo, aquelas familias que o acrediten, mediante o título de familia numerosa ou o certificado de acreditación de familia monoparental, obterán unha bonificación do 50%.

9.-DEVOLUCIÓN DO PREZO PÚBLICO.

So nos casos de forza maior e por razóns médicas debidamente acreditadas poderáse solicitar a devolución do importe do prezo público da parte proporcional do servizo non disfrutado.

10. BAIXAS DO SERVIZO

A baixa do servizo terá que solicitarse con 15 días de antelación, antes do inicio do mes. De non comunicar a baixa neste prazo procederase ao pagamento integro do mes ou quenda non tendo dereito a devolución de importe correspondente.

11. METODOLOXÍA

O servizo "Plan Madruga" desenvolverase mediante unha metodoloxía activa, participativa e adaptada ás necesidades do alumnado segundo a súa idade, promovendo un ambiente de benestar, seguridade e aprendizaxe a través do xogo e a convivencia.



As actividades estarán orientadas a facilitar unha transición positiva cara ao comezo da xornada escolar, apostando por propostas tranquilas e motivadoras, como xogos de mesa, contacontos, manualidades, música, lectura libre, actividades predeportivas ou técnicas de relaxación, entre outras.

O servizo será xestionado por persoal cualificado no ámbito educativo e/ou asistencial, que actuará como referente de apoio, supervisión e acompañamento, promovendo unha relación próxima, respectuosa e afectiva cos nenos e nenas. Establecerase unha coordinación co centro educativo para garantir a continuidade educativa e unha atención integral ao alumnado.

O número de monitores/as e a ratio de atención axustaranse á normativa vixente e ás inscricións recibidas, garantindo en todo momento a calidade e seguridade do servizo.

12. SISTEMA DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cualificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos.

A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de supervisión, das nais, pais, nenas e nenos participantes, recadaranse e empregaranse de forma periódica para a avaliación continua.

Ao remate da actividade, ás nais e pais das e dos menores proporcionaráselles unha enquisa anónima para coñecer, en que grao se alcanzaron os obxectivos perseguidos, como resultou o funcionamento da actividade, que obstáculos atoparon no seu desenvolvemento e que propostas de mellora propoñen para a planificación do próximo ano.

O ALCALDE-PRESIDENTE

JOSE MANUEL ALFONSO GONZÁLEZ

(documento asinado dixitalmente na marxe)



ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA ACTIVIDADE PLAN MADRUGA PARA ALUMNOS/AS DO CEIP MARQUESA DO PAZO DA MERCÉ DAS NEVES

Datos do pai/ nai ou titor/a:

Nome e apelidos:	
DNI:	TLF:
Enderezo:	
Concello:	Código Postal:

Datos do alumno/a:

Nome e apelidos:	
Idade:	Curso:

Quenda (escoller solo un):

Mensual:	☐
Quincenal:	Primeira quincena ☐ Segunda Quincena ☐
Días soltos:	(indicar días)

Datos Bancarios (para domiciliación bancaria):

Titular da Conta	
IBAN	



A persoa que asina a folla de inscrición fai constar que o alumno/a non padecen ningunha enfermidade que o/a incapacite para a realización desta actividade.

SOLICITO a participación para a que presento a seguinte documentación:

Así mesmo pola presente

DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos e comprobables todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude, así como os seguintes:

- Que autorizo expresamente ao Concello Das Neves, para recadar calquera tipo de información que poida obrar no seu poder ou solicitalo a outras administracións.
- Que acepta todos os requisitos establecidos na ordenanza reguladora da presente actividade.

As Neves, _____ de 20__

Asdo.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os/as solicitantes autorizan ao Concello Das Neves para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, que serán incorporados o “Rexistro de Actividades Deportivas, Culturais e Xuventude” do Concello para os fins propios da solicitude. Pode revocar o presente consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.0>, tamén por concello@asneves.gal ou mediante un escrito dirixido ao Concello Das Neves (Praza da Cristiandade, nº1, 36440, As Neves), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>. Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello Das Neves calquera variación.



ANEXO II - DECLARACIÓN XURADA

DON/A _____ con

DNI _____, domicilio en _____

_____ e teléfono de contacto:

_____, en calidade de nai/ pai das/os seguintes menores:

1º _____

2º _____

3º _____

4º _____

DECLARO,

Que estou contratada/o pola empresa _____

_____ e a miña xornada de traballo é a seguinte:

DE MAÑÁ:

DE TARDE:

E para que conste por escrito aos efectos de solicitar praza na actividade PLAN MADRUGA dentro do Programa AS NEVES CONCILIA do Concello de As Neves, asino o presente,

En As Neves, a _____ de xuño de 202_.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os/as solicitantes autorizan ao Concello Das Neves para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, que serán incorporados o “Rexistro de Actividades Deportivas, Culturais e Xuventude” do Concello para os fins propios da solicitude. Pode revocar o presente consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.0>, tamén por concello@asneves.gal ou mediante un escrito dirixido ao Concello Das Neves (Praza da Cristiandade, nº1, 36440, As Neves), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>. Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello Das Neves calquera variación

